



## ANEXO IV

### CERTIFICACIÓN DE NECESIDADE DE TRASLADO INTERPROVINCIAIS POR INCORPORACIÓN AO TRABALLO PRESENCIAL

Mediante Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dáse publicidade no DOG do 6 de maio de 2020 ao acordo sobre o restablecemento do procedemento de admisión do alumnado para o curso académico 2020-2021. Así mesmo, esta Resolución recolle o acordo de modificación das instrucións de presenza dos equipos directivos e outro persoal nos centros educativos.

Ante a inminente apertura dos centros educativos e a asistencia presencial parcial determinada no CECOP para algúns empregados públicos destinados en centros de ensinanza, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publica o 7 de maio no Portal Educativo institucional e no Portal da Dirección as Recomendacións sanitarias a establecer nos centros educativos durante as xornadas presenciais e nos procedementos de atención ao público.

Por último, o 22 de maio do 2020 dítase a Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería.

Polo exposto, con data \_\_\_\_\_,

D/na. \_\_\_\_\_ na súa calidade de Director/a do centro de ensino público \_\_\_\_\_,

CERTIFICA:

que D/na. \_\_\_\_\_, a partir do 25 de maio de 2020 e ata o remate do actual curso escolar 2019- 2020, ten que incorporarse de xeito presencial ao seu posto de traballo, no centro educativo \_\_\_\_\_, sito en \_\_\_\_\_, para o cal ten que sobrepasar os límites provinciais existentes entre o seu domicilio persoal e o do citado centro de traballo.

